LEE O SEGUINTE TEXTO E RESPOSTA ÁS PREGUNTAS QUE SEGUEN

"A fecundidade nace do exceso. A festa engade á orxía sexual a inxestión monstruosa de bebidas e alimentos. As festas "primitivas", preparadas con grande anticipación, presentan en alto grao ese carácter que se conservou de modo sorprendente nas civilizacións máis refinadas. Nas Antesterias atenienses dábase a cada un unha odre de viño: daquela organizábase unha especie de torneo onde vencía o primeiro que baleiraba a súa odre. Durante os Purim, o talmud indica que se debía beber ata que non se puideran distinguir os dous gritos específicos da festa: "Maldito sexa Anam" e "Bendito sexa Mardoqueo". En China, se temos que acreditar nos textos, acumúlanse os víveres en "montóns máis altos que un outeiro", cávanse fosas que se enchen de viño e sobre os que poderían navegar as embarcacións, o mesmo que se poderían organizar carreiras de carros sobre os montóns de víveres. Cada un debe atracarse ata o límite do posible, encherse coma un odre distendido.

A esaxeración das descricións tradicionais manifesta outro aspecto dos excesos rituais: o torneo de xactancia e charlatanería que acompaña ao estrago de riquezas amoreadas, sacrificadas. Xa se sabe a importancia que tiñan os duelos de vaidade nos festíns e nas orxías dos xermanos, dos celtas e de outros moitos pobos. É preciso forzar a prosperidade das próximas colleitas gastando sen límite o contido dos "graneiros" e esaxerando aínda mediante o xesto e a palabra. Ábrense concursos ruinosos para ver quen dará a máis rica prenda nunha especie de aposta co destino, co obxecto, de facerlle devolver con exceso ao céntuplo, o que recibira. Cada un pensaba obter, conclúe Granet, comentando as proezas chinas "una remuneración mellor, un rendemento máis grande dos seus traballos futuros".

Os inuit (esquimais canadienses) fan o mesmo cálculo. as intercambios e distribucións de regalos que acompañan as festas de Sedna ou a explusión das almas no máis aló posúen unha eficacia mística. Fan a caza proveitosa. “Sen xenerosidade non hai sorte” sinala Mauss, fundándose na observación de que “o intercambio de regalos ten por efecto producir a abundancia de riquezas”.
O que aínda se practica en Europa con motivo do Aninovo (ou do Nadal ou de Reis) aparece coma un mesquiño vestixio dunha circulación intensa de todos os tesouros, noutrora destinada, ao cambiar o ano, a rexenerar a existencia cósmica e a fortalecer a cohesión da existencia social. A economía, a acumulación, a medida, definen o ritmo da vida profana; a prodigalidade e o exceso, o da festa, o do intermedio periódico e exaltante de vida sagrada que interrompe aquela devolvéndose saúde e xuventude.

Do mesmo modo, aos xestos regulamentados do traballo que permiten acumular as subsistencias oponse a axitación frenética do dilapidado. A festa, en efecto non comprende só orxías consumidoras, da boca e do sexo, senón tamén orxías de expresión, do verbo ou do ademán. Berros, inxurias, duelos de bromas obscenas ou sacrílegas entre un público e un cortexo que o atravesa (como nas Antesterias, no entroido, na festa medieval dos tolos), loita de

invectiva e alcumes entre o grupo das mulleres e o dos homes, constitúen os principais excesos de palabra. Os actos non se quedan atrás. Mímicas eróticas, xesticulacións violentas, loitas simuladas ou reais. As contorsións obscenas de Baubo, provocando a risa de Deméter, espertan á natureza do seu letargo devolvéndolle fecundidade. Dánzase ata o agotamento, xírase ata o vértigo . Pronto chégase á brutalidade: na cerimonia do lume entre os warramungas, doce dos participantes collen fachos prendidos. Un deles desafía aos que ten enfronte servíndose do seu facho coma dunha arma:

prestamente iníciase o tumulto xeral, as fachos comezan a golpear cas cabezas e o lume aparece entre os corpos que combaten."

CAILLOIS: *O home e o sagrado*

1.- Explica en qué consisten os dous tipos de excesos que se comentan no texto. Compón un texto de 8 liñas.

2.- Busca información sobre as seguintes festas ou deidades das que se fala no texto: as Antesterias gregas, os Purim xudíos, a deusa Sedna inuit, a deusa Baubo e a deusa Deméter gregas.

3.- Compón un texto de 8 liñas no que expoñas en qué sentido a festa consiste unha ruptura do ritmo cotián dos acontecementos ordinarios. Incorpora á información do texto a seguinte: ruptura do calendario (días especiais), ruptura da xornada laboral, ruptura das normas de alimentación, ruptura das normas de conducta sexual, ruptura das relacións sociais habituais. Debes procurar non copiar o texto.

4.- Relaciona as festas do exceso e o relixioso . Busca información no penúltimo parágrafo. Explica a continuación, nos termos que coñeces pola unidade 6, en que consiste a separación do relixioso (sagrado e profano).

5.- Utiliza o mito de Deméter ou o de Sedna, así como a información do texto para expoñer os elementos do mito.

6.- Busca algunha información sobre outra festa que coñezas. Propoñémoste o antroido. Explica en qué consiste, cando se celebra e como acontece nela o exceso na alimentación, no comportamento na rúa, na relación entre os veciños, na indumentaria, no ruído ou noutros aspectos que coñezas. Compón un texto dunhas dez liñas.